

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA A PROMOCIÓN DO EVENTO DEPORTIVO FASE ASCENSO A SEGUNDA DIVISION NO MARCO DO XACOBEO 2021-22

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta de Galicia, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional quinta do Decreto 72/2022, do 25 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Rafael Louzán Abal, con DNI 35.451.643H, actuando en nome e representación da **Real Federación Galega de Fútbol**, con CIF G15055890, en calidade de presidente.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración, a cuxos efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de



albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Segundo.- Que a Real Federación Galega de Fútbol (FGF), constituída o día 14 de novembro de 1.909, con nova denominación Real Federación Galega de Fútbol (RFGF) mediante concesión da súa Maxestade o Rei e notificada pola credencial nº183/2017 outorgando o título de "Real", é unha entidade asociativa privada considerada de utilidade pública, sen ánimo de lucro, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, polo Decreto 228/1994, do 14 de xullo, polo que se establecen normas reguladoras das federacións deportivas galegas, resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia e polas disposicións que se diten en desenvolvemento da mesma, polos seus Estatutos e Regulamentos, Bases e Normas de Competición e demais disposicións de orde interna que dite no exercicio das súas competencias, e con carácter supletorio polos Estatutos, Regulamentos e normas reguladoras da Real Federación Española de Fútbol (RFEF), no que sexan aplicables.

Dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais das funcións propias de promoción, goberno, administración, xestión e organización do fútbol, exercerá, baixo a organización e tutela da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, as seguintes competencias:

- a) A promoción e divulgación do deporte do fútbol en todas as súas facetas.
- b) Canalizar aos deportistas á práctica do fútbol mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.
- c) Apoiar técnica e administrativamente a práctica do fútbol velando ante os organismos competentes polo apoio desta modalidade deportiva dentro de Galicia. Cualificar e organizar as actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico galego.
- d) Exercer o control das subvencións que se asignen ás Asociacións e Entidades Deportivas nas condicións que fixe o órgano competente.



e) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola lexislación vixente ou que acorde no ámbito da súa competencia a Asemblea Xeral.

Terceiro.- Que a promoción de grandes eventos de todas as índoles: culturais, artísticos, deportivos, etc. que se desenvolvan dentro da Comunidade axudan a prestixiar o noso destino nacional e internacionalmente.

No ano 2020, no que se declarou o estado de alarma para a contención da propagación da infección causada polo SARS-COV-2, adoptáronse restricións de aforo e medidas de control como o rexistro previo dos asistentes, acceso mediante código QR persoal e toma de temperatura, co obxectivo de desenvolver os eventos nun entorno seguro.

Cuarto.- Que a fase de ascenso de Primeira RFEF a Segunda División reunirá un total de oito equipos que se disputarán, mediante dúas roldas eliminatorias, dúas das catro prazas dispoñibles para subir a Segunda División. Os duelos serán a un único partido e neles haberá prórroga pero non penaltis, pasando de rolda o equipo que lograse unha mellor clasificación durante a tempada regular. A Primeira División RFEF é unha categoría de recente creación que contou na súa primeira edición con tres equipos galegos (RC Deportivo, Racing Club Ferrol e RC Celta "B"). E dado que os tres atópanse clasificados con serias opcións de disputar o playoff de ascenso, a Real Federación Galega de Fútbol apostou pola organización da cita en terras galegas.

Quinto.- Que con este proxecto a desenvolver entre a Axencia Turismo de Galicia e a Real Federación Galega de Fútbol a través do presente convenio de colaboración contribuirá á promoción e divulgación tanto do Xacobeo 21-22 como da cultura xacobeá, e porá en valor o destino turístico Galicia como destino turístico deportivo. O evento será un importante revulsivo económico para os sectores da hostalería e a restauración, xa que terá un importante impacto económico. Así mesmo, dadas as específicas características desta entidade, a Real Federación Galega de Fútbol é a única capaz de



desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración, atendendo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Real Federación Galega de Fútbol a través do presente convenio para a celebración do playoff fase de ascenso de Primeira RFEF a segunda división.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 327.529,00 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

CONCEPTO	TOTAL IVE INCLÚIDO
Gastos xenerais	
Canon RFEF	121.000,00
Gastos de organización	66.440,00
Gastos partidos e adestramentos	
Seguridade	16.940,00
Ambulancias partidos	3.200,00
Ambulancias adestramentos	4.900,00
Limpeza	16.940,00
Mantemento terreo xogo	4.598,00
Control accesos e persoal auxiliar	30.008,00





Subministros y retén de mantemento	30.976,00
Gastos de catering e protocolo	9.130,00
Publicidade e comunicación	14.762,00
Gastos de transporte (furgonetas e autobuses)	8.635,00
TOTAL	327.529,00

Deste orzamento total, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.640.0, código de proxecto 2018 00002, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para o ano 2022.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da entidade, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega da Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a entidade obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

Terceira.- Compromisos das partes

1. Compromisos da Real Federación Galega de Fútbol:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia

e incluír a marca do Xacobeo 2021-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

Cuarta.- Inexistencia relación laboral

A subscrición deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas que realizasen as actuacións obxecto do mesmo, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Quinta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes



asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sexta.- Xustificación e pago

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia Turismo de Galicia.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Non obstante, a documentación establecida nas letras a) e b) deste punto, poderá ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.



- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **15 de setembro de 2022**.

3º.- Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade, procederá o pagamento que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.



- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir



notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.


E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia



Alfonso Rueda Valenzuela

Pola Real Federación Galega de Fútbol



Rafael Louzán Abal